- Interese por coñecer aspectos socioculturais e sociolingüísticos elementais relativos aos costumes, á vida cotiá (hábitos, horarios, actividades ou celebracións máis significativas) e ás relacións interpersoais básicas, comida, lecer, deportes, comportamentos proxémicos básicos etc.; e os costumes, valores e actitudes moi básicos e máis evidentes sobre aspectos propios da súa idade nos países onde se fala a lingua estranxeira.
- Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.
- Sensibilidade ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

UD	Título da UD	Duración
5	Atenção! Açao!	20

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Extraer o sentido global e información relevante e previsible en textos orais, escritos e multimodais breves, sinxelos e estruturados con conectores moi básicos, sobre temas frecuentes e cotiáns de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, propios dos ámbitos persoal, educativo e público, expresados de forma comprensible, clara e en lingua estándar a través de distintos soportes.	Extraer o sentido global e información relevante e previsible en textos orais, escritos e multimodais breves e sinxelos.		
CA1.3 - Usar estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais ou os detalles relevantes de textos sinxelos e básicos: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais, recursos ás imaxes, títulos e outras informacións visuais moi evidentes, e uso dos coñecementos previos sobre a situación, que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto, e utilizando as experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas do seu repertorio lingüístico.	Usar estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais ou os detalles relevantes de textos sinxelos e básicos.		
CA1.7 - Completar formularios e documentos moi básicos nos que se solicite información persoal, en soporte tanto impreso como dixital.	Completar formularios e documentos moi básicos.		
CA2.2 - Aplicar de forma guiada estratexias elementais que axuden a crear pontes e faciliten a comunicación, identificando aqueles factores socioculturais máis evidentes que dificulten a comunicación, e usando recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Aplicar de forma guiada estratexias elementais que axuden a crear pontes e faciliten a comunicación.	PE	60
CA2.3 - Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas do seu repertorio lingüístico, reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre o seu funcionamento.	Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas do seu repertorio lingüístico.		
CA3.3 - Participar en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais e valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	Participar en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.		
CA3.4 - Utilizar adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento etc.), e amosar respecto polas diferenzas culturais que poidan existir.	Utilizar adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento etc.), e amosar respecto polas diferenzas culturais que poidan existir.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Comprender descrições, narracións, instrucións e opinións claras formuladas a través de diversos soportes de xeito simple, sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese traballados previamente, e, no caso da posibilidade de interacción oral, se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito con ritmo pausado.	Comprender descrições, narracións, instrucións e opinións claras formuladas a través de diversos soportes de xeito simple.		
CA1.6 - Redactar textos curtos a partir de modelos sinxelos e básicos, e mensaxes e notas moi sinxelos con información, instrucións e indicacións básicas relacionadas con actividades cotiás e de necesidade inmediata, amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto.	Redactar textos curtos a partir de modelos sinxelos e básicos.		
CA1.10 - Interactuar de xeito simple pero suficiente, pedindo que se lle repitan os puntos clave se o necesita e sen que as súas posibles vacilacións e reformulación de expresións ou estruturas impidan a comunicación.	Compensar as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos.		
CA1.12 - Utilizar estratexias de activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados, compensando as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos.	Compensar as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos.	TI	40
CA1.13 - Amosar unha actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender, considerando o erro como fonte de aprendizaxe.	Amosar unha actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas.		
CA2.4 - Utilizar e diferenciar de forma progresivamente autónoma os coñecementos e estratexias que forman o seu repertorio lingüístico, para mellorar a súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, co apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais, valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	Utilizar e diferenciar de forma progresivamente autónoma os coñecementos e estratexias que forman o seu repertorio lingüístico, para mellorar a súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira.		
CA2.6 - Explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración o coñecemento do mundo e os coñecementos e as experiencias noutras linguas.	Explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses.		
CA3.2 - Aceptar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, amosando interese por comprender elementos culturais e lingüísticos.	Aceptar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Curiosidade e interese por coñecer outras linguas e culturas. Actitude reflexiva ante o erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe.

Contidos

- Utilización dos coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións básicas e cotiás (identificar unha persoa, transmitir horarios, notas, costumes ou hábitos).
- Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: intercambiar información sobre cuestións cotiás; instrucións e ordes básicas; ofrecer, aceptar e rexeitar axuda, proposicións ou suxestións sinxelas; expresar o gusto ou o interese e emocións moi básicas; enlazar frases de forma sinxela para narrar acontecementos pasados, describir situacións presentes e enunciado sucesos futuros; expresar a opinión; dar explicacións moi sinxelas; realizar hipóteses moi básicas; expresar en textos moi sinxelos a posibilidade e a dúbida.
- Uso de modelos contextuais e xéneros discursivos de uso moi común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e moi sinxelos, organización e estruturación segundo o xénero (narrativo, descritivo e instrutivo).
- Utilización de unidades lingüísticas básicas de uso común e significados asociados ás devanditas unidades, tales como expresión da entidade (obxectos, persoas, accións, sucesos etc.) e as súas propiedades (existencia, inexistencia, dimensións...), cantidade e calidade (forma, tamaño, cor, idade...), o espazo e as relacións espaciais (distancia, dirección, orixe...), o tempo e as relacións temporais (datación, frecuencia, secuencia...), formas básicas da afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas básicas.
- Utilización de léxico de uso común e de interese para o alumnado, relativo a identificación persoal, relacións interpersoais básicas, lugares e contornas máis habituais, lecer e tempo libre, estudos, saúde e actividade física, vida cotiá, vivenda e fogar, clima e contorna natural.
- Utilización e recoñecemento de patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos: sons e fonemas vocálicos, sons e fonemas consonánticos, acento fónico dos elementos léxicos illados e na oración e identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns.
- Uso de recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura e selección de información como dicionarios, bibliotecas, recursos dixitais (tradutores, conxugadores...) e informáticos (correctores ortográficos, gramaticais etc.).
- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados.
- Utilización de ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas...) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes e estudantes da lingua estranxeira.
- Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos moi sinxelos de textos e de frases feitas e locucións básicas para elaborar os propios textos.
- Comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal para recoñecer estratexias de uso máis común (identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.).
- Manexo de expresións e léxico específico de uso común para referirse aos usos da lingua e comprendelos, e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.
- Consideración da lingua estranxeira como medio de comunicación e relación con persoas doutros países, e como medio para coñecer culturas e modos de vida diferentes.
- Interese por coñecer aspectos socioculturais e sociolingüísticos elementais relativos aos costumes, á vida cotiá (hábitos, horarios, actividades ou celebracións máis significativas) e ás relacións interpersoais básicas, comida, lecer, deportes, comportamentos proxémicos básicos etc.; e os costumes, valores e actitudes moi básicos e máis evidentes sobre aspectos propios da súa idade nos países onde se fala a lingua estranxeira.
- Utilización de estratexias de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.
- Sensibilidade ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

UD	Título da UD	Duración
6	No mundo da moda	20

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Extraer o sentido global e información relevante e previsible en textos orais, escritos e multimodais breves, sinxelos e estruturados con conectores moi básicos, sobre temas frecuentes e cotiáns de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, propios dos ámbitos persoal, educativo e público, expresados de forma comprensible, clara e en lingua estándar a través de distintos soportes.	Extraer o sentido global e información relevante e previsible en textos orais, escritos e multimodais breves e sinxelos.	PE	45
CA1.3 - Usar estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais ou os detalles relevantes de textos sinxelos e básicos: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais, recursos ás imaxes, títulos e outras informacións visuais moi evidentes, e uso dos coñecementos previos sobre a situación, que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto, e utilizando as experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas do seu repertorio lingüístico.	Usar estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais ou os detalles relevantes de textos sinxelos e básicos.		
CA1.9 - Participar en situacións interactivas breves e sinxelas, producindo textos intelixibles e reparando os erros básicos de pronuncia cando as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe.	Participar en situacións interactivas breves e sinxelas, producindo textos intelixibles.		
CA1.11 - Interactuar respondendo e facendo preguntas e dando e comprendendo informacións sinxelas, relativas á información persoal básica (nome, idade, gustos, afeccións e intereses etc.), así como instrucións e peticións relativas ao ámbito escolar.	Interactuar respondendo e facendo preguntas e dando e comprendendo informacións sinxelas.		
CA2.2 - Aplicar de forma guiada estratexias elementais que axuden a crear pontes e faciliten a comunicación, identificando aqueles factores socioculturais máis evidentes que dificulten a comunicación, e usando recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Aplicar de forma guiada estratexias elementais que axuden a crear pontes e faciliten a comunicación.		
CA2.3 - Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas do seu repertorio lingüístico, reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre o seu funcionamento.	Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas do seu repertorio lingüístico.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Utilizar adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento etc.), e amosar respecto polas diferenzas culturais que poidan existir.	Utilizar adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento etc.), e amosar respecto polas diferenzas culturais que poidan existir.		
CA1.2 - Comprender a información esencial en situacións de comunicación oral ou escrita, de xeito presencial ou telemático, e dos medios de comunicación social que aborden conversas, narracións e/ou descricións predicibles, e presentacións moi sinxelas emitidas con estruturas e léxico moi básico, e co apoio de imaxes moi redundantes, que traten sobre asuntos da vida cotiá e de necesidade inmediata, previamente traballados e que no caso da oralidade estean articuladas moi claramente, con ritmo pausado, aínda que sexa necesario escoitalas máis dunha vez.	Comprender a información esencial en situacións de comunicación oral ou escrita.		
CA1.4 - Comprender descricións, narracións, instrucións e opinións claras formuladas a través de diversos soportes de xeito simple, sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese traballados previamente, e, no caso da posibilidade de interacción oral, se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito con ritmo pausado.	Comprender descricións, narracións, instrucións e opinións claras formuladas a través de diversos soportes de xeito simple.		
CA1.5 - Producir oralmente textos curtos e moi sinxelos, a partir de modelos sinxelos e básicos, sobre temas cotiáns e habituais pronunciando de maneira intelixible, prestando atención ao ritmo, á acentuación e á entoación, reparando os erros básicos de pronuncia.	Producir oralmente textos curtos e moi sinxelos, a partir de modelos sinxelos e básicos, sobre temas cotiáns e habituais.	TI	55
CA1.6 - Redactar textos curtos a partir de modelos sinxelos e básicos, e mensaxes e notas moi sinxelos con información, instrucións e indicacións básicas relacionadas con actividades cotiáns e de necesidade inmediata, amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto.	Redactar textos curtos a partir de modelos sinxelos e básicos.		
CA1.8 - Aplicar e compartir coñecementos e estratexias básicas para producir textos escritos (adecuación á persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final) a partir de modelos moi estruturados e con axuda previa.	Aplicar e compartir coñecementos e estratexias básicas para producir textos escritos con axuda previa.		
CA1.10 - Interactuar de xeito simple pero suficiente, pedindo que se lle repitan os puntos clave se o necesita e sen que as súas posibles vacilacións e reformulación de expresións ou estruturas impidan a comunicación.	Compensar as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.12 - Utilizar estratexias de activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados, compensando as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos.	Compensar as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos.		
CA1.13 - Amosar unha actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender, considerando o erro como fonte de aprendizaxe.	Amosar unha actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas.		
CA2.4 - Utilizar e diferenciar de forma progresivamente autónoma os coñecementos e estratexias que forman o seu repertorio lingüístico, para mellorar a súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, co apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais, valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	Utilizar e diferenciar de forma progresivamente autónoma os coñecementos e estratexias que forman o seu repertorio lingüístico, para mellorar a súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira.		
CA2.5 - Identificar os progresos e dificultades da súa aprendizaxe da lingua estranxeira, realizando de forma guiada actividades de autoavaliación e coavaliación, recoñecendo e valorando estratexias de logro propias e alleas; reproducindo aqueles aspectos que axudan a mellorar, facéndoos explícitos e compartíndoos con outros participantes.	Identificar os progresos e dificultades da súa aprendizaxe da lingua estranxeira, realizando de forma guiada actividades de autoavaliación e coavaliación.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Curiosidade e interese por coñecer outras linguas e culturas. Actitude reflexiva ante o erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe. - Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: intercambiar información sobre cuestións cotiás; instrucións e ordes básicas; ofrecer, aceptar e rexeitar axuda, proposicións ou suxestións sinxelas; expresar o gusto ou o interese e emocións moi básicas; enlazar frases de forma sinxela para narrar acontecementos pasados, describir situacións presentes e enunciado sucesos futuros; expresar a opinión; dar explicacións moi sinxelas; realizar hipóteses moi básicas; expresar en textos moi sinxelos a posibilidade e a dúbida. - Utilización de unidades lingüísticas básicas de uso común e significados asociados ás devanditas unidades, tales como expresión da entidade (obxectos, persoas, accións, sucesos etc.) e as súas propiedades (existencia, inexistencia, dimensións...), cantidade e calidade (forma, tamaño, cor, idade...), o espazo e as relacións espaciais (distancia, dirección, orixe...), o tempo e as relacións temporais (datación, frecuencia, secuencia...), formas básicas da afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas básicas. - Utilización de léxico de uso común e de interese para o alumnado, relativo a identificación persoal, relacións interpersoais básicas, lugares e contornas máis habituais, lecer e tempo libre, estudos, saúde e actividade física, vida cotiá, vivenda e fogar, clima e contorna natural. - Utilización e recoñecemento de patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos: sons e fonemas vocálicos, sons e fonemas consonánticos, acento fónico dos elementos léxicos illados e na oración e identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns. - Utilización e recoñecemento de patróns gráficos e convencións ortográficas: uso das normas básicas de ortografía da palabra, utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas, identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns. - Utilización de convencións e estratexias conversacionais elementais, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar e terminar a comunicación, tomar a palabra, comparar, colaborar etc.

Contidos

- Uso de recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura e selección de información como dicionarios, bibliotecas, recursos dixitais (tradutores, conxugadores...) e informáticos (correctores ortográficos, gramaticais etc.).
- Utilización de ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas...) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes e estudantes da lingua estranxeira.
- Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos moi sinxelos de textos e de frases feitas e locucións básicas para elaborar os propios textos.
- Comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal para recoñecer estratexias de uso máis común (identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.).
- Uso de estratexias e ferramentas de uso común, analóxicas e dixitais, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación.
- Manexo de expresións e léxico específico de uso común para referirse aos usos da lingua e comprendelos, e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.
- Interese na participación en intercambios comunicativos planificados, a través de diferentes medios, con estudantes da lingua estranxeira.
- Interese por coñecer aspectos socioculturais e sociolingüísticos elementais relativos aos costumes, á vida cotiá (hábitos, horarios, actividades ou celebracións máis significativas) e ás relacións interpersoais básicas, comida, lecer, deportes, comportamentos proxémicos básicos etc.; e os costumes, valores e actitudes moi básicos e máis evidentes sobre aspectos propios da súa idade nos países onde se fala a lingua estranxeira.
- Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.
- Sensibilidade ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

4.1. Concrecións metodolóxicas

As orientacións metodolóxicas teñen como obxectivo fundamental contribuír a que o alumnado desenvolva a competencia comunicativa, a través das catro destrezas básicas: comprensión oral, comprensión escrita, produción oral e produción escrita. Farase especial énfase na comunicación oral, que debe ter como referente situacións comunicativas variadas, dentro de contextos debidamente adaptados a cada nivel de aprendizaxe. Os intercambios comunicativos daranse en dous tipos de situacións: as habituais da clase e as creadas pola docente. Para isto, resulta imprescindible realizar un esforzo na práctica docente que asegure e poña en primeiro plano a adquisición de destrezas

orais, como pilares básicos da comunicación. Tras a audición ou lectura por parte do alumnado (Comprensión escrita ou oral) a profesora invita ao alumnado a expresar as súas reaccións ante a mostra, as súas opinións, a súa comprensión... traducindo e consultando dúbidas e será desas dúbidas de onde se deriven as explicacións que sexan necesarias, e incluso os exercicios gramaticais. Así, ao longo de cada unidade, traballaremos Comprensión Oral e Escrita; Expresión Oral e Escrita e Interacción.

Con este obxectivo realizaranse, ademais de probas escritas, probas orais que valoren o esforzo e o progreso do alumnado para que o motiven para continuar desenvolvendo a súa competencia oral.

O método que utilizamos pretende que o alumno aprenda as novas estruturas e o novo vocabulario dunha forma funcional. O obxectivo de cada unidade é sempre dar información sobre diferentes aspectos da cultura e a vida cotidiana portuguesa; e coñecendo a cultura, costumes e tradicións portuguesas, o alumno terá que usar as estruturas e o vocabulario aprendido para comparar a cultura estranxeira coa propia, aprendendo á vez a respectar a diversidade.

Teñen gran protagonismo os textos que encontramos no libro e outros materiais fornecidos pola docente, desde cartas ata planos de cidades ou billetes de transportes públicos; que a profesora podrá completar con outros materiais reais que considere oportunos e teña á súa disposición (periódicos, por exemplo) Pero, dada a prioridade que concedemos á oralidade, faise indispensable a actuación da docente, que debe preocuparse pola correcta e clara articulación das palabras. Os xestos, a repetición, a boa articulación.... serán de axuda para o alumnado. O método contén, ademais dun caderno de Exercicios para traballar sobre as estruturas gramaticais e o vocabulario aprendidos na aula, un CD audio para apoiar o traballo de comprensión oral. Ao longo das unidades, atópanse textos para completar, avaliando e adestrando a comprensión do alumnado.

Co obxectivo de reforzar o aprendido na aula, e avanzar ao mesmo tempo, propóñense exercicios como traballo para casa, e redaccións periódicas. Por suposto, a corrección destes exercicios faise de maneira común, na clase, participando todos.

As unidades están repartidas de maneira que a partir de diálogos (auditivos, en moitos casos) ou textos escritos, preséntanse os diferentes aspectos gramaticais e o vocabulario, fuxindo das temidas listas de campos semánticos. As formas gramaticais extráense do texto e exercítanse ata a mecanización, con exercicios de pechados a abertos. O mesmo ocorre coa oralidade, búscase a interacción verbal profesora-alumno ou alumno-alumno; a partir de temas suxeridos nas mostras reais de fala, con preguntas directas, por exemplo; ou suscitando debates; sempre orientados ao uso das novas estruturas gramaticais. En canto ao vocabulario, moi básico nestes niveis, irase repetindo nas diferentes actividades de clase, e trátase de que a profesora os destaque e recorde, con sinónimos, antónimos, tradución ou algún tipo de explicación.

En definitiva, trátase dunha metodoloxía moi activa e participativa, na que a profesora é unha mera facilitadora de aprendizaxe, que ten que conseguir a motivación nos seus alumnos con estratexias e recursos atractivos. Polo tanto, as actividades complementarias como uso de audicións, xogos dramáticos, material lúdico e, como non, a introdución das TICs contribuirá ademais de a reforzar a aprendizaxe, a fomentar o interese pola materia.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Bayan Ferreira, Ana Maria e Helena José Bayan, Na Onda do Portugués 2, (2019), Camoes-Instituto da Cooperaçao e da Língua.
Coimbra, Isabel e Olga Mata Coimbra, Gramática Ativa 1 (2019). LIDEL.
Bayan Ferreira, Ana Maria e Helena José Bayan, Na Onda do Portugués 2. Caderno de exercicios (2019), Camoes-Instituto da Cooperaçao e da Língua.

Ademais dos libros de texto, empregaranse outros materiais de elaboración propia ou tirados a través de recursos da biblioteca escolar ou de internet. Así, usaranse audios, cancións, películas, textos periodísticos, planos de cidade, cartas, libros de lectura, etc.

¿BibliotecaUniversal.

¿Centro Virtual Camões. Nesta área encontra recursos que apoiarán a aprendizaxe de portugués nas suas varias vertentes: falar, ouvir, ler e, brevemente, escribir. Exploraremos tamén a sección brincar, onde hai xogos para aprender portugués de forma lúdica. Os recursos están organizados en tres niveis de dificultade.

¿Ciberdúvidas.

¿Conjugador de verbos. Esta base de verbos conxugados da lingua portuguesa posúe aproximadamente 280.000 rexistros distintos.

¿ Corrector ortográfico. Para facilitar o acceso á tecnoloxía FLiP, a Priberam dispón, en servizo gratuito on-line, o corrector ortográfico e o corrector sintáctico (apenas con suxestións, sen explicación gramatical dos erros) para portugués europeo e do Brasil. En ámbalas variedades da lingua portuguesa é posíbel usar as versións con e sen o Acordo Ortográfico de 1990.

¿Dicionário. O Dicionário Priberam da Língua Portuguesa (DPLP) é un dicionario de portugués contemporáneo que

contén cerca de 105 000 entradas lexicais, que permite a consulta de definicións, con sinónimos e antónimos por acepción . É tamén posíbel consultar información sobre a orixe de algunhas palabras e a súa pronuncia.

¿Dicionário Bilingue. Máis de 100.000 palabras e expresións e 200.000 traducións e exemplos de uso. Transcrición fonética en todas as voces portuguesas. Un extenso repertorio léxico.

¿Infopédia.

¿Portal da Língua Portuguesa. É un repositorio organizado de recursos lingüísticos. Pretende ser orientado tanto para o público en xeral como para a comunidade científica, servindo de apoio a quen traballa coa lingua portuguesa e a todos os que teñen interese ou dúbidas sobre o seu funcionamento. Todo o contido do Portal é de libre acceso e está en constante desenvolvemento.

¿ portugueseembadajoz.wordpress.com

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Realizaranse as probas de avaliación inicial as dúas primeiras semnas de clase. Nestas probas, que serán escritas e orais, teranse en conta as destrezas básicas: Expresión e Comprensión Orais e Expresión e Comprensión Escritas. Ademais, realizarase unha proba específica de gramática e vocabulario para comprobar o nivel do que parte o alumnado para comezar co repaso habitual do dado no curso anterior.

Tras a realización destas primeiras probas, determinarase se algún alumno precisa atención especial na materia e detectar dificultades e fortalezas xerais e individuais.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	20	20	20	20	10	100
Proba escrita	60	40	60	50	60	45	52
Táboa de indicadores	40	60	40	50	40	55	48

Criterios de cualificación:

A avaliación numérica coa que se vai cualificar a cada alumno vai ser o resultado dunha avaliación continua. Haberá unha nota porcentual en cada apartado, tal como se recolle nos criterios de cualificación.

Realizarase unha observación directa do traballo do alumnado na aula, da súa participación nas clases e das tarefas diarias e unha revisión do caderno persoal no que figurarán todos os exercicios, composicións, etc. feitos na clase e na casa. Terase moi en conta a presentación do caderno persoal, traballos, fichas, etc. con puntualidade e corrección ortográfica e gramatical e, en especial, o interese do alumno por progresar nestas áreas e o seu esforzo e rendemento.

Tamén se rexistrará o grao de participación, atención e aproveitamento das diferentes actividades realizadas na aula ben sexa de forma presencial ou virtual.

Os instrumentos que se aplicarán diariamente son os seguintes:

Expresión oral: Mediante a manifestación clara e espontánea en calquera das situacións que poidan concorrer no desenvolvemento da clase.

Expresión escrita: Como medio da realización física do pensamento. Expresividade e corrección de acordo ós criterios normatizados e de uso común dentro da materia.

Lectura: Lecturas, deben ler diferentes textos, en viva voz coa oportuna entoación, velocidade axeitada e corrección.

Probas: Orais e escritas sobre os contidos básicos que deben asimilar.

Caderno: Presentación do caderno limpo ordenado e completo, segundo as normas expostas a comezo do curso

Actitude: Ante a materia e de respecto ós demais e ó profesor. Cumprimento das normas xerais do NOFC.

Traballo persoal: Tarefas que se propoñen e actitude ante as mesmas, así como executadas no tempo, lugar e modo.

Revisión diaria dos exercicios ou fichas propostos como complemento do tema tratado.

Traballo en equipo: Traballos de equipo, no que prima a participación, a colaboración e a satisfacción polo ben feito.

Ao longo de cada trimestre realizaranse dous exames escritos para avaliar se o alumnado acadou con éxito os obxectivos sinalados en cada avaliación, que computarán por igual na porcentaxe global. As probas escritas sobre os contidos da materia suporán o 50% da cualificación en cadanseu curso e en cada trimestre e para que a avaliación sexa aprobada ten que ter un resultado medio de 5 puntos sobre 10 ou máis. Para poder facer media a nota non debe ser inferior a 4 sobre 10 en calquera das partes. Se algunha das partes non chega a esa nota a materia queda suspensa e o alumno deberá recuperar a parte en cuestión; neste caso a nota final da avaliación non poderá ser superior ao 4. As partes non superadas de cada avaliación poderanse recuperar nun exame final no mes de maio.

A non realización das lecturas establecidas por trimestres será penalizada coa baixada dun 20% da nota global para a obtención do Aprobado.

Na cualificación final influirán o grao de asimilación de contidos por parte do alumno/a (criterio este básico e fundamental); a actitude de traballo (reflectida na ficha do alumno/a), interese e respecto amosada na clase durante todo o curso; a súa asistencia regular ás aulas e, finalmente, as lecturas e traballos realizados.

Os alumnos poderán subir nota (até un máximo de 1 punto) facendo lecturas optativas ou traballos voluntarios. Farase a comprobación da lectura a través dunha proba oral ou escrita.

O alumnado que, eventualmente, teña un desaproveitamento continuado da formación por acumulación de faltas de asistencia sen xustificar, terá dereito a asistir á clase e a unha proba final que se realizará antes da avaliación ordinaria de xuño.

O alumnado debe asistir sempre á clase. As faltas de asistencia sen xustificar descontarán 0,5 puntos ata un máximo de 2 puntos cada avaliación.

A oralidade terá un peso porcentual de 20%. Comprobarase na praxe diaria da aula e reflectirase na ficha persoal da alumna ou alumno. Nas probas de lecturas,, tamén se terá en conta esta faceta.

O uso de calquera clase de medio fraudulento na realización de probas, actividades e exames implicará a obtención automática de cero (0) como cualificación na avaliación de referencia, sexa esta ordinaria ou extraordinaria.

As tarefas e traballos obrigatorios que non sexan realizados descontarán 0.25 puntos cada un na nota final ata un máximo de 2 puntos. O alumno pode restalos por medio de positivos.

As probas, traballos e tarefas que sexan ilexibles non se avaliarán, decidindo o profesor a forma de poder recuperalos.

Para a materia de Segunda Lingua Estranxeira: Portugués os criterios serán os seguintes:

- 50% as probas escritas
- 20% a Expresión Oral e Comunicación Oral
- 10% a ficha de lectura
- 10% traballo diario (tarefas, traballos individuais/colectivos, etc.)
- 10% caderno da materia

Criterios de recuperación:

- O alumnado suspenso do curso correspondente de ESO recibirá indicacións sobre como recuperar esa materia. Debe terse en conta que a maioría dos contidos tanto gramaticais como de comprensión e expresión literaria son progresivos, ademais da importancia que queremos darlle a expresarse correctamente, traballar en equipo, ter unha actitude colaboradora, levar un caderno de clase en condicións... Polo tanto cabe a posibilidade de recuperar un suspenso rectificando os erros cometidos e aprobando no trimestre seguinte. Por esta razón non se realizarán

"exames de recuperación" específicos ata final de curso, preferíndose que o alumnado se comprometa na mellora do seu traballo diario en vez de examinarse cada tres meses dunha serie de conceptos que despois non aplique na súa práctica cotiá e siga mantendo actitudes e hábitos de estudo desaxeitados. En consecuencia, os exames de recuperación, se chega a ser necesario facelos, realizaranse en maio.

O alumnado coa materia pendente elaborará exercicios orientados a superar os contidos e obxectivos mínimos seleccionados para cada curso polo Departamento.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O alumnado suspenso do curso correspondente de ESO recibirá indicacións sobre como recuperar esa materia. Debe terse en conta que a maioría dos contidos tanto gramaticais como de comprensión e expresión literaria son progresivos, ademais da importancia que queremos darlle a expresarse correctamente, traballar en equipo, ter unha actitude colaboradora, levar un caderno de clase en condicións... Polo tanto cabe a posibilidade de recuperar un suspenso rectificando os erros cometidos e aprobando no trimestre seguinte. Por esta razón non se realizarán "exames de recuperación" específicos ata final de curso, preferíndose que o alumnado se comprometa na mellora do seu traballo diario en vez de examinarse cada tres meses dunha serie de conceptos que despois non aplique na súa práctica cotiá e siga mantendo actitudes e hábitos de estudo desaxeitados. En consecuencia, os exames de recuperación, se chega a ser necesario facelos, realizaranse en maio.

O alumnado coa materia pendente elaborará exercicios orientados a superar os contidos e obxectivos mínimos seleccionados para cada curso polo Departamento.

Proba extraordinaria

Esta proba realizarase en xuño e basearase no traballo realizado ao longo do curso. A proba consta dun único exame. Para preparala os alumnos dispoñen do caderno e os temas colgados na nosa páxina e, tamén, dos contidos mínimos que se recollen na programación.

6. Medidas de atención á diversidade

As medidas de atención á diversidade enténdese como o conxunto de actuacións educativas dirixidas a dar resposta ás diferentes capacidades, motivacións e intereses, ritmos e estilos de aprendizaxe e situacións persoais do alumnado. Estas medidas oriéntanse a alcanzar os obxectivos e as competencias establecidas para a ESO e réxense polos principios de equidade, calidade e igualdade de oportunidades, non discriminación, integración, accesibilidade e cooperación da comunidade educativa.

Segundo o artigo 49 da Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, as administracións educativas asegurarán os recursos necesarios para que os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atoparse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por terse incorporado tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar, poidan acadar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado».

A partir da avaliación inicial do alumnado, proporanse as correspondentes actuacións de seguimento e atención ao alumnado, tanto as medidas ordinarias como extraordinarias. Faranse actividades especificamente deseñadas para cada caso.

Así, en concreto, o plan específico personalizado para o alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso, obrigado polo artigo 52 da Orde do 8 setembro de 2021 de atención á diversidade incluírá os seguintes apartados:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.

- e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- f) Se for o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- g) Acreditación da información á familia.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, se for necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

Débase ter en conta o establecido no artigo 41 da citada Orde que, de conformidade co artigo 7 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, define as medidas de atención á diversidade como as actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado.

Estas medidas clasifícanse en ordinarias e extraordinarias e deberán estar recollidas no Plan xeral de atención á diversidade e nas concrecións anuais do dito plan.

Nas medidas ordinarias, por exemplo, teranse en conta os reforzos educativos (RE) e nas extraordinarias as adaptacións curriculares (ACS)

No caso dos RE, se for necesaria a súa aplicación, elaborárase, un informe individual final de curso sobre as medidas de reforzo educativo onde consten os datos do alumno ou alumna e os datos do reforzo educativo en que se inclúa a data de comezo e de remate e a descrición das medidas desenvolvidas (o motivo, descrición das medidas, temporalización, axuda do profesorado, corrección, e valoración final e coa previsión para o seguinte curso se ten que continuar ou non o RE.

Nun primeiro momento, escoitadas as primeiras informacións do departamento de Orientación, nesta materia non temos presente ningún alumno que requira de medidas (nin ordinarias, nin extraordinarias). Se for preciso, elaboraranse as medidas, de se detectar algunha dificultade durante o ano académico.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión de lectura	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual			X			X
ET.4 - Competencia dixital			X			X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X
ET.9 - A concienciación e formación sobre o cambio climático					X	

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición
Intercambio por correspondencia	O alumnado intercambiarase cartas mediante correo postal con alumnado do centro de ensino secundario de Vila Real
Visita a unha vila portuguesa	O alumnado visitará a Vila Real para coñecer ao alumnado co que tivo correspondencia por carta anteriormente
Cine	O alumnado visionará unha película en lingua portuguesa e posteriormente realizarase un coloquio sobre o contido, a lingua, o contexto, etc.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
1. - O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumno?
2. - Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreza a aprendizaxe?
3. - Conseguiuse a participación activa do alumno?
4. - Usáronse distintos instrumentos de avaliación?
5. - Deuse un peso real á observación do traballo na aula?
6. - Valorouse adecuadamente o traballo cooperativo do alumno?
7. - Ofrecéronse ao alumno as explicacións individualizadas que precisaba?
8. - Potenciáronse estratexias de animación á lectura e de comprensión e expresión oral?
9. - Coméntouse co alumno os fallos máis significativos das probas, exames, traballos etc.?

Descrición:

Dado que todos os cursos pode haber cambios na programación dependendo do alumnado e dos tempos dados de aula, ao longo do curso revisaranse os obxectivos propostos e as dificultades na consecución deses obxectivos, e recolléranse na memoria final os cambios e as adaptacións efectuadas con vistas a reducir, ampliar e mellorar en cursos vindeiros.

Analizaremos aqueles traballos, actividades e contidos que non funcionaron correctamente ou que, por seren moi ben aceptados, convén reforzar.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Dado que todos os cursos pode haber cambios na programación dependendo do alumnado e dos tempos dados de aula, ao longo do curso revisaranse os obxectivos propostos e as dificultades na consecución deses obxectivos, e recolleranse na memoria final os cambios e as adaptacións efectuadas con vistas a reducir, ampliar e mellorar en cursos vindeiros.

Analizaremos aqueles traballos, actividades e contidos que non funcionaron correctamente ou que, por seren moi ben aceptados, convén reforzar.

9. Outros apartados